


FICHA DO LIBRO



- » Título do libro. [CARDUME](#)
- » Ano de Publicación. [2007](#)
- » Autor. [Rexina Vega](#)
- » Xénero. [Narrativa](#)
- » Editorial. [Edicións Xerais de Galicia](#)
- » Colección.
- » Número de pax. **200**
- » ISBN. **978-84-9782-655-6**
- » [WEB](#).

Fotografía da cidade que foi

Ambientada nun Vigo industrial e atlántico, Cardume é un crisol de personaxes que evolucionan e logran subsistir as miserias dunha cidade desacougante. Rexina Vega consegue nesta novela gañadora do Premio Xerais 2007 retratar cunha prosa tan precisa como sutil e cargada de significacións ese Vigo que se converte en peirao que mira ao mundo, que vive o soño da luz eléctrica, que quixo ser fervello cultural activo, que viviu unha guerra e se expandiu ata rematar convertido no cerne industrial de Galicia, tal e como aínda hoxe o coñecemos.

Montse Pena. Santiago

O último Premio Xerais de Novela, Cardume de Rexina Vega, amósase nas librarías con dúas cartas de presentación. A primeira extraése do obxecto-libro que é: a tapa dura chega por primeira vez á editora da que saíu, sendo agarimo para as mans da lectora e do lector galego coidadoso, bastante desatendido coas novelas que merca. A fotografía de cuberta de Fran Herbello parece acompañar tamén coa súa fermosa serenidade: o mar da ría de fondo, enmarcando unhas catiúscas e unhas chinelas que esperan ser calzadas. Mágoa que na imaxe non se suxira o perfil do Vigo industrial que estoupou nas primeiras décadas do S. XX e que é firmemente evocado na prosa de Vega. O segundo elemento que transcendeu desta obra, para o público receptor que segue a actualidade literaria galega, é que nela a Guerra Civil torna aparecer, esta vez coma unha sorte de leiv-motiv que guía a segunda parte da narración. Non é este o lugar para tirar da recua de títulos que, xa só nos últimos anos, se achegaron á contenda fraticida dende unha ou outra perspectiva. Non é este, polo momento, o caso da literatura galega, mais considero que a produción centrada na recuperación da memoria da guerra está chegando a un tope que pode, ben axiña, saturar aos receptores. Tampouco deixa de ser significativo que, como xa ocorrera con novelas como "Agosto do 36" de Xosé Fernández Ferreiro ou Concubinas de Inma López Silva, se lle volva conceder este galardón a unha ficción que continúa neste mesmo ronsel. A sensación que isto produce é que a nosa comunidade cultural está aínda a rematar de xerar a súa propia imaxe ficcional e social daqueles anos tráxicos.

Ben é verdade que en Cardume hai bastante máis ca lembranza dos anos que se alongan entre o 36 e o 39 e de motivos que se acubillan nesta época, polo que me van permitir que me centre, principalmente, no demais. O efecto derradeiro que fica tras a súa lectura é que unha foi levada, da man da voz e da visión dunha narradora (neta e familiar de todos os personaxes que aparecen na novela), a través dos recordos que lle provocan un feixe de fotografías antigas, desordenadas ao azar. A isto contribúe a particular construción da narración, tecida a partir de cadros breves protagonizados por uns e outros, con analepses e algunha prolepse interpostas. Especialmente ao principio do relato, quen le debe facelo activamente, recompondo e clasificando ao seu antollo feitos e caracteres. Así, como o cardume, a grande agrupación de peixes que nadan xuntos e que dá título á obra, os personaxes ideados por Rexina Vega amoréanse no maxín, entrecrúzanse uns con outros, namentres entretécen a súa existencia de ires e de vires que se van ensarillando, ata conformar un compacto tapiz en que acabarán resaltando só uns poucos. De feito, na primeira parte da obra chégase a percibir que se visitan abondas personalidades e se accede a poucos feitos narrativos, o que propicia unha trama que transcorre lenta e que só semella acelerarse nas páxinas finais. A narración acerta, non obstante, ao reconstruír o fío vital de cada un destes caracteres cando xa está decidido, é dicir, cando xa sucedeu. Isto permitirá comprobar como Fasito, o dandi diletante de comezos dos anos 20, acabará de traballador en Nova York, como Isolina, a bolboreta burguesa de Vigo pecha as súas esperanzas para só abrilas unha vez, como Dámaso, o primeiro amor da avoa, señorito conquistador, será quen lidere a Falanxe local ou como Urbano R. Moledo, galeguista que existiu na realidade, dramaturgo mediocre que turra por conseguir un teatro de seu para o país, e que defenderá ata o esgotamento os seus ideais. A autora colócanos así fronte aos tres vieiros que se presentaban perante a sociedade naquel final da década dos 30: a adhesión ao novo réxime, a emigración ou a loita permanente polo que un cre.

Mais o utópico e veraz personaxe de Moledo é tamén empregado para dar a coñecer o tipo de escritor medio-baixo (con igual paixón literaria que política) que imperaba nos comezos do século, ou propiciar a reflexión (en quen xa tivese noticia deles) ao redor dos esforzos levados a cabo para erguer un teatro críbel no noso idioma, sen esquecer a crítica do momento ou as diferenzas existentes entre os dramas casteláns e os galegos daquel tempo. A aresta máis teatral da narración complementábase con pasaxes que semellan didascalias e cunha simboloxía achegada á dos textos dramáticos, que na novela se exemplifica perfectamente a través dese teatro que fica negro, baleiro, completamente en silencio, dous días despois do comezo da guerra. As alusións metaliterarias van, en ocasións, máis alá, rebordando o mundo do teatro: “na literatura galega todo pasa antes ou despois da aventura americana”, escribe a voz narrativa, reclamando máis ficcións situadas na diáspora.

Emporiso, o maior acerto da ficción de Vega é que este Cardume consegue retratar panorámica e ironicamente (as alusións á Aldea-Nova York e ao Vigo British camiñan nesa dirección), cunha prosa tan precisa como sutil e cargada de significacións (mais ás veces excesivamente arbórea), ese Vigo que xa pasou: o que medra co negocio do peixe, o que se converte en peirao que mira ao mundo, o que vive o soño e o milagre da luz eléctrica, o que quixo ser fervello cultural activo, o que viviu unha guerra e o que se expandiu e se expandiu ata rematar convertido no cerne industrial de Galicia, tal e como aínda hoxe o coñecemos. No mellor destas liñas, a urbe semella querer contarnos ao oído o pasado da súa historia íntima, namentres nos ensina as fotografías da cidade que foi.

LG3- culturagalega.org